

Luns, 15 de marzo de 2021

Núm. 50

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Subvencións e axudas

EXTRACTO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS, ANO 2021 (PROCEDEMENTO SIA 215186)

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA DE 5 DE MARZO DE 2021 POLA QUE SE CONVOCAN SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS, ANO 2021 (PROCEDEMENTO SIA 215186)

BDNS(IDENTIF.):552891

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións:

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/552891>)

1. Beneficiarios:

As entidades xurídicas que: carezan de fins de lucro, desenvolvan as súas actividades no ámbito territorial da provincia de Pontevedra, non estean incursas en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir subvencións públicas, non estean incursas en ningunha das prohibicións para percibir subvencións recollidas na lei e que estean ao corrente coas obrigas tributarias coa Seguridade Social, coa Facenda autonómica e coa Deputación.

2. Obxecto

Subvencións para promover, fomentar e difundir as actividades culturais, que se leven a cabo entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2021, que organicen as entidades culturais sen fins de lucro no seu ámbito territorial e, excepcionalmente, fóra deste cando teñen relevancia para os intereses provinciais, en especial, as actividades dirixidas á reivindicación e difusión do patrimonio material e inmaterial da provincia de Pontevedra, entre as que podemos sinalar: actividades para a posta en valor do patrimonio inmaterial propio das vilas e comarcas da nosa provincia, festivais, mostras, encontros, certames culturais, etc.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: AED9Y5CE58DX6G90



Luns, 15 de marzo de 2021

Núm. 50

3. Bases reguladoras

Bases de subvencións aprobadas por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de 5 de marzo de 2021, Ordenanza xeral de subvencións da Deputación publicada no BOPPO núm. 249, do 30 de decembro de 2016, Bases de execución do Orzamento provincial para o exercicio 2021, LXS e demais lexislación de desenvolvemento.

4. Contía 250.000,00 €.

5. Prazo de presentación

Empezará a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e o seu extracto no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO) e rematará o 15 de abril de 2021.

6. Outros datos de interese

- **Solicitudes e documentación:** Cada entidade poderá presentar unha única solicitude, en modelo normalizado e coa documentación establecida na base oitava.
- **Procedemento de concesión:** Concorrenza competitiva
- **Criterios de valoración:** Os establecidos na base décimo primeira da convocatoria.
- **Gastos subvencionables:** Os necesarios para o desenvolvemento da actividade obxecto de subvención
- **Compatibilidade:** Si
- **Forma de pago:** Transferencia
- **Forma de xustificación:** Mediante a presentación de facturas, conta xustificativa dos gastos, memoria xustificativa do cumprimento das condicións establecidas na solicitude e acreditar a debida difusión, nos termos previstos na base décimo quinta da convocatoria.
- **Prazo máximo de xustificación:** 28 de febreiro de 2022.

Pontevedra, 10/03/2021.

A presidenta.- María del Carmen Silva Rego.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: AED9Y5CE58DX6G90

